

BASES DO SORTEO CAMPAÑA «MERCASACRA»

1. Entidade organizadora

A **Asociación de Empresarios de Chantada** con CIF G-27191436 sita en Praza de España, 10 – 27.500 – Chantada – Lugo e representada por D. Iñaki Castiñeira Alemany con NI 47791939-D en calidade de Presidente da entidade organiza o sorteo de **dous vales por importe de 500 € cada un**, no marco da campaña **MercaSacra**, que se celebrará o día **26 de setembro de 2026**.

2. Obxecto do sorteo

O sorteo ten como finalidade promover e dinamizar o comercio e a actividade empresarial local, así como incentivar as compras nos establecementos asociados á Asociación de Empresarios de Chantada.

Sortearanse:

- **2 vales por importe de 500 € cada un.**

Os dous vales poderán ser utilizados exclusivamente nos **establecementos asociados á Asociación de Empresarios de Chantada**, de acordo coas condicións de utilización que estableza a organización.

3. Participación no sorteo

Poderán participar no sorteo todas aquelas persoas que cumpran os requisitos establecidos pola organización da campaña MercaSacra e que obteñan as correspondentes participacións ao canxear os seus tickets de compra o día 26 de setembro recibindo, así mesmo, a pertinente participación para o sorteo. Todos os tickets deben pertencer a compras realizadas do 21 ao 26 de setembro en establecementos asociados.

Cada participación dará dereito a participar no sorteo nos termos establecidos pola organización.

A participación no sorteo implica a aceptación íntegra das presentes bases.

4. Data, lugar e hora do sorteo

O sorteo terá lugar o día **26 de setembro de 2026**, na **Praza de España de Chantada**, ás **20:00 horas** xusto ao finalizar o concerto da agrupación Tirapralá.

O sorteo realizarase mediante un procedemento que garanta a aleatoriedade e imparcialidade na elección das persoas gañadoras.

5. Persoas gañadoras

Serán seleccionadas **dúas persoas gañadoras**, correspondendo a cada unha delas un vale por importe de **500 €**.

Será requisito imprescindible que a persoa cuxa participación resulte premiada **esteá presente no momento de realizarse o sorteo**.

No caso de que a persoa á que pertenza a papelete extraída non esteá presente no lugar e hora indicados, perderá o dereito ao premio e procederase á extracción dunha nova participación, repetindo este proceso ata obter unha participación correspondente a unha persoa presente.

6. Entrega e utilización dos vales

Cada persoa gañadora recibirá un vale por importe de **500 €**, que poderá utilizar para realizar compras nos **establecementos asociados á Asociación de Empresarios de Chantada**.

Os vales serán persoais e non poderán ser trocados por diñeiro en efectivo nin polo seu contravalor.

A utilización dos vales deberá realizarse dentro do prazo e nas condicións que determine a organización da campaña.

7. Aceptación do premio

A participación no sorteo implica a aceptación das presentes bases e, en particular, das condicións relativas á presenza da persoa gañadora no momento do sorteo.

A aceptación do premio supón tamén a conformidade coa forma e prazo establecidos pola organización para a súa entrega e utilización.

8. Tratamento dos datos persoais

Os datos persoais que, se fora necesario, sexan recollidos para a xestión do sorteo serán tratados pola Asociación de Empresarios de Chantada exclusivamente para os fins relacionados coa organización, xestión e resolución do mesmo, de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos persoais.

9. Fiscalidade

Os premios estarán sometidos, se for o caso, ás retencións, ingresos á conta ou obrigas fiscais que correspondan de acordo coa normativa tributaria vixente.

10. Bases depositadas ante notario

As presentes bases serán **depositadas ante notario**, co obxecto de deixar constancia das condicións que rexen o sorteo e garantir a súa transparencia.

Calquera cuestión non prevista expresamente nestas bases será resolta pola organización de acordo coa normativa aplicable e atendendo aos principios de transparencia, igualdade e boa fe.

11. Aceptación das bases

A participación no sorteo supón a **aceptación íntegra e sen reservas das presentes bases**.

A Asociación de Empresarios de Chantada resérvase o dereito a interpretar e resolver aquelas cuestións que puidesen xurdir durante o desenvolvemento do sorteo, sempre dentro do establecido nestas bases e na normativa aplicable.

Chantada, setembro de 2026

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE CHANTADA